

# OBRADOIRO SCRATCH, CREANDO

## HISTORIETAS

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA




**MONITORA:** Conchi Villar (Profesora e Bióloga)

### **OBXECTIVO XERAL:**

Este obradoiro consiste fundamentalmente na realización de animacións utilizando o programa *Scratch*, dun xeito sinxelo e divertido. *Scratch* é unha linguaxe de programación visual que facilita a creación de historietas interactivas, animacións, xogos, música e arte. A medida que as nenas e nenos crean e comparten proxectos, interiorizan conceptos matemáticos e de computación, ó mesmo tempo que se fomenta a súa **creatividade**, o **razoamento sistemático** e aprenden a **traballar en colaboración** coas súas compañeiras e compañeiros.

### **EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:**

Ó longo das sesións de que consta este obradoiro preténdese que as rapazas e



rapaces coñezan unha parte deste programa e o que constitúe a secuencia básica dunha animación: personaxes, escenarios, guión, storyboard, diálogos... Así mesmo, introducirase ás nenas e nenos no uso de programas de debuxo de fácil manexo, como o *Gimp*, o cal permite modificar, recortar fotografías ou facer os seus propios debuxos. Ademais, a través dun sinxelo editor de sons, *Audacity*, gravaranse as voces dos personaxes.

## **ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

Gran parte do traballo que se fai na aula recóllese no blogue:

<http://animacionesconscratch.blogspot.com.es/>

Páxina do observatorio tecnolóxico do Ministerio de Educación sobre a ferramenta *Scratch* e outras ferramentas de programación:

<http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ca/software/programacion/593-rafael-alba>

Características do programa, titoriais, etc. en:

<http://www.mundoeduca.es/scratch/index.htm>